



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O VINTE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E SEIS (05/2026)

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Monfero, ás dezanove horas e dous minutos, do día vinte de marzo de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros/as do PP: D.^a M.^a Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera, D. Ángel Grueiro Filgueiras e D. Ramón Blanco Filgueiras; e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada. Como queda dito, non asiste D. Andrés Feal Varela. Actúa como Secretaria accidental: D.^a María Sanmartín Varela.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 20 de febreiro de 2026
- 2.- Moción do concelleiro do BNG de condea da agresión militar contra o Irán e en defensa da paz e do dereito internacional
- 3.- Adhesión a Rede de concellos contra o acoso escolar
- 4.- Dar conta do resumo das resolucións da Alcaldía do mes de febreiro de 2026
- 5.- Asuntos urxentes
- 6.- Rogos e preguntas

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 20 DE FEBREIRO DE 2026

O Sr. Alcalde en funcións dá lectura a este punto da orde do día. Como está acordado, a dita acta publicouse con anterioridade á convocatoria desta sesión, no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello. O Sr. Alcalde en funcións indica que a vai someter a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor da aprobación todos os asistentes. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións proclama que a acta da sesión do día 20 de febreiro de 2026 é aprobada por **UNANIMIDADE**

2.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO DO BNG DE CONDEA DA AGRESIÓN MILITAR CONTRA O IRÁN E EN DEFENSA DA PAZ E DO DEREITO INTERNACIONAL

A moción do Sr. Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego relativa ao apoio ás reivindicacións do sector agrogandeiro galego, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria desta sesión a Sra. Voceira do Grupo municipal Popular, transcríbese textualmente a continuación:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CBD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

“MOCIÓN DO BNG DE CONDENA DA AGRESIÓN MILITAR CONTRA O IRÁN E EN DEFENSA DA PAZ E DO DEREITO INTERNACIONAL

Don Manuel García Deibe, Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Monfero, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno da corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A escalada militarista e belicista desencadeada polos Estados Unidos e os seus aliados está a levar o mundo a unha crise de consecuencias imprevisíbeis.

O ataque militar perpetrado polos Estados Unidos e Israel contra o Irán pon en risco a vida da poboación civil, ameaza a estabilidade de todo Oriente Medio cun perigo inminente de guerra aberta e abre as portas a unha nova crise enerxética mundial que pagarán as clases populares e que afectará ao conxunto da economía. Nos últimos días, a ofensiva militar xa provocou centos de vítimas e unha forte escalada do conflito na rexión.

Esta agresión inxustificada supón unha nova e gravísima vulneración da soberanía dos pobos, do dereito internacional e da Carta das Nacións Unidas. Pretende lexítimar a lei do máis forte e dinamita calquera posibilidade de diálogo e de solución negociada dos conflitos.

A historia repítese. Os mesmos que nos venderon a guerra de Iraque coas falsas armas de destrución masiva son os que agora inventan novas ameazas para xustificar os seus bombardeos.

Esta agresión militar non é un feito illado, senón que se enmarca nun patrón de actuación reiterado das grandes potencias militares e das súas alianzas. As intervencións armadas e os bombardeos preventivos convertéronse nun instrumento habitual de política internacional, con graves consecuencias para a estabilidade global e para o respecto ao dereito internacional.

A estratexia de guerra permanente busca o control dos recursos estratéxicos e a imposición de intereses xeopolíticos pola forza, desprezando a soberanía das nacións e o dereito dos pobos a decidir libremente o seu propio destino.

A sociedade galega está maioritariamente comprometida coa paz, co multilateralismo, coa legalidade internacional e coa soberanía dos pobos. O pobo galego é contrario á escalada armamentista e avoga pola resolución das controversias e dos conflitos a través do diálogo, da diplomacia e da negociación política.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Manifestar a condena á agresión militar contra o Irán, contraria ao dereito internacional e á Carta das Nacións Unidas, así como ás políticas de guerra e inxerencia que contribúen á escalada bélica e á desestabilización internacional.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

2. Facer un chamamento á comunidade internacional, e de xeito especial á Unión Europea, ao Estado español e á Xunta de Galiza, para que adopten medidas concretas dirixidas a frear a escalada bélica, a garantir o respecto ao dereito dos pobos a exercer a súa soberanía sen inxerencias externas e a promover a recuperación das vías de diálogo e solución pacífica das controversias.

3. Rexeitar as ameazas de Trump e demandar ao goberno español que poña fin de maneira definitiva á presenza militar norteamericana en territorio español, á utilización do territorio galego como base de infraestruturas e actividades da OTAN e reclamar a saída do Estado español da OTAN.

4. Opoñerse ao envío por parte do goberno español de medios e material de guerra á zona de conflito.

En Monfero, a 12 de marzo de 2026

Asdo. Don Manuel García Deibe Concelleiro do BNG en Monfero”

O Sr. Alcalde le o título deste punto da orde do día e pregúntalle ao Sr. Concelleiro do BNG se quere expoñer algo.

O Sr. Concelleiro do BNG indica que moi pouca cousa, que xa cree que ata se pasou de data, que o a entregou o venres da semana pasada pero aconteceron tan rápido os acontecementos, que xa case queda obsoleta.

O Sr. Alcalde pregunta se hai algunha intervención, non se produce, continua indicando que o seu grupo se vai a abster, que dentro dos catros puntos que hai, están de acordo cos puntos número un e dous, pero que co tres e co catro non tanto e vanse abster.

Non se producen máis intervencións. O Sr. Alcalde anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado e o seguinte: votos a favor 1 (BNG), ningún voto en contra e 7 abstencións (PSOE E PP).

3.- ADHESIÓN A REDE DE CONCELLOS CONTRA O ACOSO ESCOLAR

A proposta de acordo da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2026/A006/000006, enviouse, xunto co acordo marco e a proposta de convenio, coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Sesión Plenaria do día 20 de febreiro de 2026

ADHESIÓN Á REDE DE CONCELLOS CONTRA O ACOSO ESCOLAR

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CBD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Logo de ver o Convenio de Colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento da Rede de Concellos contra o acoso escolar, que establece os mecanismos para consolidar unha rede de apoio territorial que non só interveña ante situacións de acoso escolar, senón que actúe de forma preventiva para garantir o benestar e desenvolvemento integral do alumnado galego nun clima de convivencia positiva.

Propóñolle ao Pleno da corporación que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo, o cal se transcribe literalmente deseguido:

“Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento da Rede de Concellos contra o acoso escolar

En Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, Don ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024 do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante Consellería).

Da outra, Don ALBERTO VARELA PAZ, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (CIF V15160963) que actúa en nome e representación daquela, segundo prevén os seus estatutos.

EXPOÑEN

1. Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, Niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
2. Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade o impulso de contornas escolares seguras, inclusivas e respectuosas na que o acoso e o ciberacoso escolar no teñan cabida. O seu coa mellora continua do clima de convivencia nos centros educativos vén sendo unha máxima da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional nos últimos anos.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Neste contexto, a Estratexia galega de convivencia escolar 2025 e o Plan integral contra o acoso e o ciberacoso escolar recollen unha planificación xe ral a seguir con iniciativas destinadas a fomentar unha convivencia de calidade e sen conflitos.

3. A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, afirma que a educación debe fomentar a convivencia democrática e o respecto ás diferenzas individuais, promover a solidariedade e evitar a discriminación, co obxectivo fundamental de lograr a necesaria cohesión social.

4. A Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte a violencia (LOPVI), que no capítulo IV, desenvolve diversas medidas de prevención e detección precoz da violencia nos centros educativos que se consideran imprescindibles ao ter en conta que se trata dunha contorna de socialización central na vida das nenas, nenos e adolescentes.

5. O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar define a convivencia escolar como a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa.

6. Que a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) de acordo co establecido no artigo 6.1b) dos seus estatutos ten entre os seus fins "promover, representar e defender os intereses de todas as entidades locais ante outras administracións públicas" e goza de plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 de ditos estatutos.

A disposición transitoria terceira da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece que a Federación Galega de Municipios e Provincias recoñecida polas entidades locais como a entidade asociativa máis representativa e maioritaria, terá as facultades derivadas da súa representatividade.

Así, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio para a coordinación de actuacións no desenvolvemento da Rede de Concellos contra o acoso escolar en base ás seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do convenio*

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para o desenvolvemento da Rede de Concellos contra o acoso escolar.

Este convenio establece os mecanismos para consolidar unha rede de apoio territorial que non só interveña ante situacións de acoso escolar, senón que actúe de forma preventiva para garantir o benestar e desenvolvemento integral do alumnado galego nun clima de convivencia positiva.

Esta rede terá os seguintes obxectivos:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CBD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

- 1) Fortalecer a coordinación entre institucións e entidades locais para previr, detectar e abordar de forma eficaz os casos de acoso e ciberacoso no ámbito escolar.
- 2) Establecer un seguimento sistemático e continuado dos posibles casos, incorporando unha perspectiva territorial que garanta a implicación activa de todos os actores responsables a nivel local.
- 3) Ofrecer apoio estruturado e colaborativo aos centros educativos na xestión de situacións de acoso e ciberacoso, favorecendo respostas áxiles, integradas e adaptadas a cada contexto.
- 4) Promover a prevención como eixo central da intervención, impulsando unha cultura de convivencia positiva, respecto e tolerancia cero cara a calquera forma de violencia.
- 5) Fomentar a formación continua e especializada dos axentes implicados, co fin de dotalos de ferramentas actualizadas e criterios comúns de actuación.
- 6) Deseñar e implementar programas específicos e contextualizados, que respondan as características e necesidades particulares de cada contorna local.
- 7) Reducir a incidencia de casos que requiran a activación do protocolo de acoso escolar, mediante estratexias de detección tempera e unha intervención preventiva ben coordinada.

Segunda. *Ámbito de aplicación*

O presente convenio é de aplicación a Comunidade Autónoma de Galicia, tanto para a administración autonómica como para as entidades locais territoriais, nos termos establecidos nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Terceira. *Adhesión ao convenio*

Os concellos poderán adherirse á Rede de Concellos contra o acoso escolar creada no marco do presente convenio mediante a súa incorporación a través da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), conforme ao procedemento que dita entidade establece para tal fin. A adhesión así formalizada fornecerá os mesmos efectos xurídicos que a subscrición directa do presente convenio.

Cuarta. *Desenvolvemento da colaboración*

Os compromisos das partes que se derivan da subscrición deste convenio son pos seguintes:

Compromisos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

- a) Asumir a xestión derivada das actuacións previstas no presente convenio, comprometéndose a levar a cabo as tarefas administrativas, técnicas e operativas necesarias para a súa correcta execución, seguimento e avaliación.
- b) Promover unha formación integral, colaborativa e conxunta dirixida aos profesionais dos sectores de educación, sanidade, servizos sociais e demais ámbitos afíns, así como ao persoal dos concellos adheridos cuxa actividade poida estar directamente vinculada á intervención, xestión ou prevención de situacións de acoso.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CBD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

c) Solicitar activamente o apoio e a participación daqueles outros departamentos da Xunta de Galicia, entidades e institucións necesarias para o cumprimento das iniciativas e actuacións a desenvolver no marco da Rede de Concellos contra o acoso escolar.

d) Dotar de "Puntos Laranxa" aos concellos que o soliciten.

2.- Compromisos da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp)

a) Colaborar na difusión de iniciativas e actuacións de éxito orientadas á prevención e intervención fronte ao acoso escolar.

b) Desenvolver labores de intermediación entre a Xunta de Galicia e os concellos adheridos en relación coas actuacións a levar a cabo no marco desta red.

Quinta. Financiamento

Este convenio non leva consigo aparelhadas obrigas económicas para ningunha das partes.

Sexta. Relacións laborais

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), o persoal dos concellos adheridos e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Sétima. Comisión de seguimento

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería.

2. A comisión reunirse, con carácter ordinario, unha vez ao ano. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada. pola presidencia da comisión, e sempre que unha das partes o solicite.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.

b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.

d) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas as partes.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava. Natureza e réxime xurídico

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CBD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, serán competentes os órganos xudiciais da orde contencioso-administrativa, tralo esgotamento da vía administrativa.

Novena. *Protección de datos e confidencialidade*

Ambas as partes comprométese a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPDP.

Décima. *Transparencia*

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Décima primeira. *Resolución*

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O Incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se restablecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo segunda. *Vixencia*

A vixencia do presente convenio será de catro (4) anos, contados a partir da data da súa sinatura. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima das prórrogas do convenio non poderá superar o límite temporal establecido.

Décimo terceira. Modificación do convenio

O contido do convenio poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Décimo cuarta. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL O CONSELLEIRO, Román Rodríguez González POLA FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) O PRESIDENTE, Alberto Varela Pérez”

SEGUNDO.- Publicar no portal de transparencia da sede electrónica a efectos de xeral coñecemento e dar traslado á Consellería de educación, ciencia universidades e formación profesional así como á FEGAMP aos efectos oportunos

TERCEIRO.- Dar traslado á traballadora social municipal aos efectos de coordinar as actuacións municipais que implique o presente convenio

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O Sr. Alcalde en funcións explica brevemente o contido da súa proposta, indicando que existe un convenio asinado entre a Xunta e a FEGAMP contra o acoso escolar e que establece mecanismos e demais, polo que consideran que é aconsellable adherirse a este convenio, máis tendo en Monfero, un colexio que conta con educación infantil, primaria e educación Secundaria obrigatoria, preguntando si puideron ler o convenio todo, que pode ser de moito interese e espera que non se dea en Monfero ningún caso deste, a proposta do seu grupo é adherirse a este tipo de convenios, pregunta se hai algunha intervención, intervén D.^a María Belén Salido Maroño, sinalando que o seu grupo está de acordo en que se asine o convenio, D. Manuel García Deive, o Sr. Concelleiro do BNG indica que el tamén está de acordo.

O Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, proclama que a proposta da Alcaldía á que refire este punto da orde do día, é **aprobada por unanimidade** polo Pleno da Corporación e quedan adoptados os acordos que se propoñen nela.

4.- DAR CONTA DO RESUMO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE FEBREIRO DE 2026

O Sr. Alcalde pregunta se o teñen todos. Non se producen intervencións. O extracto das resolucións da Alcaldía do mes de xaneiro que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria transcríbese literalmente deseguido:

EXTRACTO RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA MES DE FEBREIRO DE 2026

Nº Decreto	Asunto	Fecha Firma
00046/2026	RELACIÓN FACTURAS 002DRRSE/2026	2026-02-02 12:56:00
00047/2026	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA 06-02-2026 (3/2026)	2026-02-03 14:48:00
00048/2026	APR PSS. POS+2025 (P.C.Queixeiro, Vilachá, Val Xestoso, Alto Xestoso San Félix)	2026-02-04 12:26:00
00049/2026	PAGAMENTO TAXA SOLICITUDE AUTORIZACIÓN OBRAS AUGAS DE GALICIA	2026-02-04 12:26:00
00050/2026	APROBACIÓN ADDENDA ACORDO SOLICITUDE SUBVENCIÓN OBRADOIRO 2026	2026-02-05 11:07:00
00051/2026	BAIXA POR INSCRICIÓN INDEBIDA NO PADRÓN HABITANTES	2026-02-05 11:05:00
00052/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-02-05 16:53:00
00053/2026	LIQUIDACIÓN CONSORCIO INCENDIOS	2026-02-06 23:15:00
00054/2026	CONCESIÓN DE AXUDA TÉCNICA E CREACION LISTA AGARDA	2026-02-06 23:17:00
00055/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-02-09 10:59:00
00056/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-02-09 10:59:00
00057/2026	A.P ADX C.S. MANTEMENTO CAMPO FÚTBOL ZONAS VERDES INSTALACIÓN	2026-02-10 10:34:00
00058/2026	SOLICITUDE SUBVENCIÓN SERVIZOS BÁSICOS EN ZONAS RURAIS (PISCINA)	2026-02-10 11:37:00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CBD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

00059/2026	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 11-02-2026 (4/2026)	2026-02-10 12:12:00
00060/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-02-11 12:22:00
00061/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-02-11 12:22:00
00062/2026	CONCESIÓN DE PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES	2026-02-11 10:11:00
00063/2026	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA 20-02-2026 (4/2026)	2026-02-12 15:15:00
00064/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-02-13 13:36:00
00065/2026	REINTEGRO SUBVENCION XUNTA APROL RURAL 2021	2026-02-18 19:41:00
00066/2026	16ª ACTUALIZACION LISTA DE AGARDA SAF LC	2026-02-18 19:42:00
00067/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-02-19 10:17:00
00068/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-02-19 10:17:00
00069/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-02-19 16:55:00
00070/2026	APROBACIÓN PSS- Obras POS+2025 / CPI	2026-02-24 10:59:00
00071/2026	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA 25-02-2026 (5/2026)	2026-02-24 13:50:00
00072/2026	EXPDTE. M.C 03/2026- TRANSFERENCIA DE CRÉDITO	2026-02-24 20:37:00
00073/2026	NÓMINAS 02/2026	2026-02-25 21:34:00
00074/2026	A.DIRECTRICES CONSULTA PÚBLICA PREVIA ORDENANZAS E REGULAMENTOS	2026-02-26 10:45:00
00075/2026	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2026-02-26 10:42:00
00076/2026	SOLICITUDE SUBVENCIÓN SERVIZO SOCORRISMO XUNTA 2026	2026-02-26 12:22:00
00077/2026	CONCESIÓN DE AXUDA TÉCNICA	2026-02-26 14:46:00

Sen intervencións e os membros presentes TOMAN RAZÓN.

5.- ASUNTOS URXENTES

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que non se produciu ningún asunto urxente.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención.

Intervén a Sra. Concelleira do Partido Popular, indicando que neste punto tiñan unha pregunta que presentaron por escrito para que fose contestada no Pleno, pregunta si queren que a lea, contestalle o Sr alcalde que si, que pode lela, a Sra concelleira pregunta ao concelleiro do BNG, si



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

sabe dela, este respondeulle que non, deseguido intervén o Sr. Alcalde en funcións, porque quere dicir tamén que esa pregunta, presentada o 24 de febreiro? (pregunta se foi así, ao que Sra. Concelleira manifesta que si) polo grupo popular, e que quede constancia en acta, foi respondida, que xa foi contestada por escrito, tanto ao Grupo Municipal Popular como ao Grupo do BNG, antes de Pleno e quede constancia tamén, que quede transcrita a resposta por escrito.

Pregunta o Sr. Concelleiro do BNG que cando a envío ao que o Sr. Alcalde en funcións responde que fai unha hora ou así, intervén D.^a María Belén Salido, dicindo que eles pedían que se contestara no Pleno, ao que o Sr. Alcalde en funcións responde que está contestada e que quede constancia que esa pregunta foi respondida por escrito, tanto o Grupo popular como ao Bloque e quede transcrita, indica que foi enviada hai unha hora, sinala de novo que está contestada e que quede constancia, segue coa súa intervención o Sr. Concelleiro, Manuel Garcia, manifestando que agora ten a contestación pero que non sabe cal é a pregunta, o Sr. Alcalde en funcións di que se pode ler sen ningún problema, deseguido intervén a Sra. Concelleira preguntando ao Sr. Concelleiro do BNG se non sabe de que vai a pregunta, intervén o Sr. Alcalde en funcións, indicando que ao BNG xa se lle enviou a pregunta e máis a resposta e ao Partido Popular só a resposta, manifestando o Sr. Concelleiro do BNG que vale, vale.

A continuación D.^a María Belén Salido, pregunta se a le ou non a le?, D. Manuel García Deive di que non, non, que entón se ven a pregunta tamén, non fai falta lela, pero como queiran..., continúa dicindo que si mandan solo a contestación non sabe como é a pregunta, indicándolle novamente o Sr alcalde que se lle enviou tanto a pregunta como a contestación, D.^a María Belén Salido, intervén dicindo que eles queren que tamén que se conteste no Pleno, o Sr. Alcalde en funcións responde, xa está contestada por escrito, a Sra. Concelleira replica e di que o máis lóxico é que se conteste no Pleno, tal e como pedían, que pedían claramente que era para o Pleno, o Sr alcalde en funcións indica que faloron con técnicos e a forma de contestar vale así, deseguido a portavoz do Partido Popular, di, vale pero aquí mesmo o pon *“rexistra a seguinte pregunta para súa contestación no vindeiro Pleno do Concello”*, o Sr alcalde en funcións volve a indicar, está respondida, segue a dicir a Sra. concelleira, vale, se non quere contestar no Pleno, o Sr. Alcalde en funcións, pregúntalle si puido lela, ao que a Sra. Concelleira manifesta que non, que si foi agora, aínda non, que non lle dou tempo.

Intervén o Sr. Concelleiro do PSOE, D. Ramón Grueiro Martínez indicando que a lea que así se entera o Sr. Concelleiro do BNG, este responde que por el non fai falta lela, a Sra. Concelleira do Partido Popular manifesta que a vai a ler.

Le a pregunta a portavoz:

“A finais do ano pasado, a moitas veciñas e veciños do concello chamoulles a atención a presenza de operarios municipais cun tractor e unha escavadora no lugar de O Reto.

O que inicialmente foi sorpresa mudou en receo ao comprobaren que con medios públicos se estaba a realizar un desmorte nunha finca da que non se tiña noticia de que fose pública; e o receo mudou en indignación ao resultar evidente que a actuación non respondía a un interese público.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CBD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Como confirmación ou agravamento das sospeitas veciñais, o alcalde en funcións, a preguntas da portavoz do Grupo Popular no concello, recoñeceu nun pleno municipal que obrou sen contar co máis mínimo documento que amparase e xustificase tal actuación.

Cómpre lembrar que os recursos das Administracións, nados do esforzo fiscal das veciñas e veciños, son limitados e públicos, e polo tanto o seu emprego ten que xustificarse debidamente e ten que orientarse a satisfacer o interese xeral ou unha finalidade tamén pública. Por outra banda, destinar os recursos públicos a satisfacer fins privados, a marxe de baleirar as arcas da Administración, supón unha discriminación entre veciños, toda vez que unha maioría deles pode preguntarse por que se satisfacen as expectativas sen valor público dalgúns e non do resto, co conseguinte agravio.

A conduta do alcalde en funcións foi moi grave. Pensemos que na actuación se prescindiu total e absolutamente do procedemento administrativo, e pensemos que a finalidade da actuación se revela allea ao interese público, ata o punto de que, con medios do concello, a obra se realizou nunha propiedade privada en beneficio do seu propietario. O alcalde en funcións debería tomar conciencia da gravidade dos feitos e, en tal sentido, pode solicitar formalmente un informe xurídico á secretaría municipal sobre a contradición co Dereito do actuado e, particularmente, sobre se entra dentro do lóxico, ou do posible entender que o actuado poder ter rebasado os límites da ilicitude administrativa e ser unha actuación merecente de ser denunciada sobre a base do disposto na Lei de Axuízamento Criminal e merecente, polo tanto, de investigarse à luz do Dereito Penal e particularmente à luz de tipos delitivos tales como o de prevaricación ou o de malversación de fondos públicos. E, obviamente, en orde a tomar conciencia da gravidade do seu comportamento, o alcalde en funcións tamén pode consultar a persoas cabais e cualificadas do seu entorno ou da súa organización política, persoas que, de actuar de boa fe, poden explicarlle as posibles consecuencias xurídicas persoais que podería ter que asumir pola obra ilegal que ordenou.

En todo caso, non é o momento ou ámbito para dirixirle ao alcalde a esixencia dunha responsabilidade penal. Neste momento, no ámbito político ou plenario o que corresponde é esixirle unha responsabilidade política: a dimisión; a dimisión como alcalde en funcións e como membro da Corporación. Só a través da dimisión se salvagarda o recto funcionamento do concello, ou valores como a exemplaridade pública ou obrigas como a asunción de responsabilidade, responsabilidade que non é outra cousa que a consecuencia que ten que asumir un cargo electo polos seus actos.

E por todo iso polo que a portavoz que subscribe formula e rexistra a seguinte pregunta para a súa contestación no vindeiro Pleno do Concello:

Ten pensado dimitir o alcalde en funcións tras ordenar a realización dunha obra ilegal no lugar de O Reto na parroquia de Val Xestoso? É consciente da gravidade de tal actuación? Entende que a asunción de responsabilidades por tal obra debe quedar diferida ao que eventualmente se determine nun ámbito xudicial?"

D.^a María Belén Salido indica que todo isto foi o que presentou o Grupo do Partido Popular e que lles gustaría que contestase o Alcalde en funcións no Pleno.

O Sr. Alcalde en funcións indica que está contestando e que conste en acta, a Sra. Concelleira do Partido Popular pide tamén que conste en acta.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CBD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Resposta enviada á portavoz grupo municipal do Partido Popular (PP) e ao portavoz do Bloque nacionalista Galego (BNG), en data 20 de marzo de 2026, tal e como consta no expediente 2026/G010/000005 e que literalmente di:

“RESPOSTA DA ALCALDÍA AO ESCRITO FORMULADO POLA PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, CON DATA 24 DE FEBREIRO DE 2026 E NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA 20260000000112

Esta alcaldía en funcións non ten pensado dimitir por varias razóns:

A primeira é porque a obra realizada é de interese público, ao tratarse dun apartadoiro contiguo a unha pista municipal que servirá para aumentar a seguridade viaria. En dita zona existe un pequeno taller de carpintería, que xera asiduamente grandes residuos voluminosos que son depositados a maioría das veces na pista municipal, dificultando e poñendo en perigo o paso de vehículos. Coa creación deste apartadoiro, os residuos voluminosos pasarán a depositarse no mesmo, sen necesidade de ocupar a vía municipal. Ademais tamén servirá de espazo para diversos contedores de lixo ou mesmo de aparcamento.

A segunda razón é que contamos co consentimento verbal do propietario da parcela para poder realizar o apartadoiro contiguo á pista municipal. Dito consentimento verbal foi previo á realización da obra, e podemos acreditarlo con testemuñas.

A terceira razón é que se están a levar a cabo os trámites necesarios por escrito para a cesión da parcela en favor do Concello, a cal non foi posible ata o de agora por diversas razóns, como por exemplo a sobrecarga de traballo do técnico competente na materia.

Por último, queremos invitar á portavoz do grupo popular a unha reflexión antes de pedir dimisións así á lixeira, pois no período 2011-2015, cando esta portavoz era concelleira do goberno municipal nesa lexislatura, foron varios os casos no que a maquinaria municipal realizou obras en vivendas e fincas privadas, sen responder ao máis mínimo interese xeral ou finalidade pública, como a día de hoxe varios veciños aínda o poden acreditar. Polo tanto, antes de pedir exemplaridade pública ou asuncións de responsabilidade, estaría ben recordarlle a súa propia.

Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

O Sr. Alcalde pregunta se hai máis preguntas.

D.^a María Belén Salido indica que si, que eles teñen unha pregunta sobre o Convenio que asinou o Concello do tema de incendios, xa que están a ver que varios Concellos da contorna están enviando as cartas para que os veciños fagan a limpeza nas faixas secundarias, e queren saber se o Concello ten pensado facelo, porque como ven sabe, hai unha data para facer eses traballos, e que a pregunta que queren facer é se o Concello vai enviar esas cartas para que se limpen as franxas?, basicamente porque o verán está á volta da esquina e para curarse en saúde creo que é o momento de facelo, e que pola súa parte nada máis.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha pregunta máis. Non se produce.

A continuación o alcalde en funcións preguntarlle á Sra. Concelleira do Grupo Municipal Popular se se refire ao convenio de Seaga, indica que si, o Sr. Alcalde respondeulle que o convenio novo, aínda se asinou fai pouco e que a revisión de Seaga ten que volver a facerse, porque a que se fixo fai dous anos xa non é válida. D.^a María Belén Salido, indica que se fixo o ano pasado, o Sr. Alcalde en funcións dille que se fixo fai dous anos, a finais do 2024 e xa no é válida, polo que expuxeron na reunión, a Sra. Concelleira pregunta por canto tempo é válida, xa que sabe de concellos que a están a enviar agora e a tiñan feita do ano pasado. O Sr. Alcalde en funcións respondeulle que polo que dixeron na reunión que o normal sería que pedirán unha revisión nova, porque igual moitas desas fincas e montes xa están cortados e que non ten sentido notificar en base a unha revisión de dous anos para atrás, que a revisión enviouse cree recordar en outubro ou novembro do 2024 e non tiña sentido envialo daquela a finais de ano, que iso ten sentido envialo antes do verán.

D.^a María Belén Salido indícalle que este tema xa o trataron noutro Pleno e se lles dixo que non había medios para enviar tanto volume de cartas, e que a eles non lles parece desculpa, o Sr. Alcalde dille que iso tamén, que ao final foron escritos remitidos pola Fegamp e iso non era a Fegamp, continua a Sra. Concelleira indicando que eles o que queren é a seguridade para a veciñanza ante todo, ante un verán que non se sabe como vai a ser.

O Sr. Alcalde indícalle que este ano hai novo convenio pero que aínda hai moitas cousas por aclarar, se pode entrar a Xunta de oficio nos concellos de menos de 10.000 habitantes, o que non saben aínda, porque na reunión non dixeron se para entrar de oficio vale que o Concello notifique directamente ou ten que haber antes notificación previa ao propietario, manifestando D.^a María Belén Salido que o Concello ten que notificar, o Sr. Alcalde en funcións respondeulle que aínda no se sabe ben, que a Xunta pode actuar de oficio directamente agora, en Concellos de menos de 10.000 habitantes, pero que outro día na reunión en Ferrol mesmo os técnicos no sabían ben como era.

A Sra. Concelleira dille que eles o que din é que ante todo está a seguridade dos veciños, e hai casas que teñen o monte moi pegado e entende que estes teñan certa preocupación nese sentido, que se non se fai e non se actua e pasa algo xa sabe de quen é a responsabilidade que xa non llo ten que dicir. O Sr. Alcalde dille que este ano o Convenio establece nova variedade de desbroce para Concellos de doce quilómetros, en vías municipais, aparte do propio convenio de incendios que hai de verán para descaroce, que é distinto.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis, non se producen máis intervencións e, ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás dezanove horas e dezasete minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria accidental, certifícoo.

O Alcalde en funcións
D. Alberto Cortizas Rejo

A Secretaria accidental
D.^a María Sanmartín Varela